RESUMO

UNIDADE DIDÁCTICA 4. O PASO DO ANTIGO RÉXIME Á SOCIEDADE LIBERAL (1ª AVALIACIÓN, 4ª QUINCENA)

1. DEMOGRAFÍA

- Na segunda metade do s. XVIII prodúcese un estancamento da poboación resultado dos desequilibrios existentes entre a poboación e os recursos, que non son suficientes para manter a unha poboación en ascenso. Entre 1787 e 1822 asistimos a unha fase de grandes flutuacións demográficas con dous ciclos contrapostos, un até o 1804, onde a poboación medra lixeiramente, fronte a un segundo até 1822 onde a poboación cae máis dun 9%. Mentres, entre 1822 e 1877 a poboación de Galicia e a do Estado español experimentan un notable crecemento.
- A emigración galega está presente en todo o s. XIX. Sendo de difícil cuantificación, é superior á española. Na emigración dentro da península destacan os movementos de carácter temporeiro a Castela e a Andalucía relacionados coa sega e a vendima, aparecendo con forza na segunda metade do século a emigración ultramarina.

2. ECONOMÍA

- A creba do Antigo Réxime non vai supor unha ruptura drástica para a economía galega. A economía tradicional amosa unha gran fortaleza nestes dous primeiros terzos do s. XIX, mais non vai permanecer inmutable.
- A lexislación liberal fomentará a aparición dunha agricultura orientada ao mercado, tecnoloxicamente máis desenvolvida, ao mesmo tempo que se produce “a nosa pequena revolución industrial”.
- A agricultura é o medio de vida da maior parte da poboación. Estaba moi condicionada polo sistema foral, que regulaba en case a súa totalidade a propiedade das terras de cultivo. A peculiaridade do sistema foral galego é que entre os propietarios do dominio eminente e os posuidores do dominio útil, os campesiños, existía un grupo intermediario, os fidalgos, que vivían das rendas obtidas na súa intermediación entre os grandes señoríos e os labregos. O sistema foral impediu, na práctica, a introdución da agricultura capitalista en Galicia.
- A constante división da terra provocou a existencia dunhas parcelas de pequenas dimensións,, aptas para o policultivo, con producións destinadas ao autoconsumo.
- As terras non aptas para o cultivo xestionábanse en réxime de mancomún.
- Para o campesiñado foi necesario desenvolver outro tipo de actividades rurais para satisfacer as súas necesidades báscas.
- As cidades aparecían coma as residencias de rendeiros. Dominaron as continuidades sobre as transformacións.
- O ordenamento liberal apenas modificou o marco xurídico da propiedade da terra. As grandes casas nobiliares mantiveron intacto o seu dominio directo. A reforma agraria liberal foi un inmenso traspaso de rendas (foros e censos),

mais non da propiedade plena, do clero a sectores laicos, manténdose inmutable a vixencia de contratos de longo prazo sobre a terra, a miúdo endurecidos. Nos montes, froito da grande resistencia campesiña (fronte ao que ocorreu no resto do Estado), perviviu a propiedade en mancomún.

- A normativa liberal supuxo a crise e liquidación do sector téxtil tradicional, así como unha negativa influencia sobre a actividade comercial tradicional. O Estado non serviu como elemento reactivador da economía.

3. SOCIEDADE

- A pervivencia do foro permitiu que estrutura social galega non se vise substancialmente alterada no tránsito á sociedade burguesa.
- A condición de perceptor ou pagador de rendas continuou a ser o principal elemento de xerarquización social. Rendeiros e campesiños continuaban a ser os principais actores a mediados do s. XIX, porque burguesía e proletariado apenas tiveron protagonismo.
- A Igrexa vai ser a grande afectada pola construción do Estado liberal. En primeiro lugar, supón a perda do seu poder político, mais tamén afecta ao seu patrimonio, ao eliminárense as execcións fiscais ou a súa capacidade impositiva
- A fidalguía saberá adaptarse á nova orde liberal e conseguirá reforzar a súa posición social, ao ser un dos grandes beneficiarios do desprazamento dos cobros de rendas forais, perdidas pola Igrexa froito do proceso desamortizador.
- O campesiñado era un grupo que presentaba unha notable heteroxeneidade, integrando dende quen se atopaban no límite da subsistencia até quen podían sortear as crises agrarias.
- A burguesía foi un grupo social feble e no que tiveron un grande protagonismo sectores foráneos, especialmente os cataláns.

4. EVOLUCIÓN POLÍTICA

- Abondou con que Fernando VII entrase en Francia e protagonizase os pactos de cesión da monarquía para crebar o Estado. Nun primeiro momento, as autoridades pretenderon acatar ao novo rei, mais a resistencia popular impúxose e estas mesmas autoridades pasaron a liderar o movemento de liberación nacional e o proceso político de construción do novo Estado.
- A desaparición das institucións do Estado produciu a espontánea organización dunha serie de **Xuntas**, locais, provinciais e rexionais, que asumiron todo o poder político en Galicia e no resto de España.
- A guerra de liberación foi protagonizada polo pobo, organizado en guerrillas e partidas.
- A obra política das Cortes carecía de suficientes apoios sociais. A recuperación do poder absoluto por parte de Fernando VII significou a depuración e a persecución dos liberais que máis destacaran na etapa precedente.
- O recurso á sublevación encabezada por un militar como método para lograr un cambio político será moi usual na España contemporánea. Coñecido coma “pronunciamento”.
- Durante o Trienio Liberal recuperouse a Constitución de 1812 e toda a lexislación liberal da época gaditana, producíndose unha división provincial en 4 provincias sen tradición algunha en Galicia, confirmada por unha posterior reforma de 1833.

- O Estado liberal remata por afianzarse na década de 1833 a 1843. Neste período producirase a primeira Guerra Carlista, unha auténtica guerra civil entre quen pretendían manterse no absolutismo e quen apostaban pola configuración dun Estado liberal. O carlismo fracasou en Galicia por falta de apoio popular.
- Co mantemento do moderantismo no poder entre 1844 e 1854, nesta década impúlsase a inacabada construción do Estado liberal segundo os principios do liberalismo doutrinario. Dótase ao Estado liberal dunha estabilidade, mais o seu funcionamento derivou nunha oligarquización e na posta en práctica de actuacións políticas afastadas dos mecanismos legais e institucionais: xeneralización de redes persoais e clientelares, corruptelas, etc.
- No período da Unión Liberal (1854-1864) prodúcese en Galicia a renovación da representación política. Os deputados vanse dividir en tres grupos: os *novos*, os *reselados* e os *enfeudados*.
- O Sexenio Revolucionario é o resultado dun desexo de cambio do modelo de Estado liberal en España. En Galicia tiveron un especial protagonismo os progresistas e os republicanos. Estes últimos chegaron a sublevarse para constituír unha República federal.
- Durante este período a Guerra carlista non permitiu cumprir promesas de transformación social: houbo que manter o recrutamento e cargas fiscais. A frustración das expectativas levou a numerosos enfrontamentos entre o campesiñado e Garda Civil, coa participación mesmo de órganos institucionais.
- O provincialismo tivo coma obxectivos a a toma de conciencia da galeguidade, a denuncia do atraso e a prostración do noso país e, por último, apelar á unidade dos galegos para unha acción política a través do movemento provincialista. O levantamento que levaron a cabo no 1846 foi o resultado da alianza coxuntural de distintas posicións políticas: o reformismo moderado que buscaba un cambio no goberno; un sector do progresismo disposto a loitar por unha transformación do réxime; e o provincialismo que defendía unha solución "cando menos autonomista" para Galicia.
- A derrota do provincialismo e a represión do goberno impediu desenvolver os seus principios dende o punto de vista político. Isto explica a orientación claramente cultural que en adiante adopta o discurso provincialista. A mostra máis palpable vai ser o Rexurdimento.